



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



### MEMORIA DE NECESIDADE

O Concello de Cerdedo-Cotobade recibiu unha subvención da Axencia Turismo de Galicia para as obras de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL E MELLORA DA SEGURIDADE DA VÍA MARIANA, CERDEDO COTOBADE

Entre as numerosas iniciativas que o concello promove, atópase a necesidade de potenciar a Via Mariana que pasa por Cerdedo Cotobade.

Neste caso promovéronse melloras da sinalización da ruta, coa colaboración das comunidades de montes, á vez que se estudou a posibilidade de crear un albergue para peregrinos nas proximidades da via, de aí o presente proxecto.

En Carballedo, concretamente no lugar de Chan existe unha pequena caseta que no seu día se utilizou como apoio das rutas BTT, preténdese acondicionar agora para albergue polo menos para seis peregrinos, á vez que pretende mellorar a seguridade viaria no acceso ao balneario do San Xusto, como uns dos maiores reclamos da vía Mariana o seu paso por San Xurxo de Sacos, concretamente polo lugar de Outeiro.

A intención municipal é potenciar ao máximo a Vía Mariana en colaboración coas comunidades de montes e os hostaleiros do municipio coa intención de crear sinerxías que estimulen a presenza de visitantes.

O presente proxecto xunto á sinalización realizada no seu día, ademais de servir de guía e estancia para aqueles peregrinos que decidan emprender o camiño pola Vía Mariana, pretende animar aos visitantes a achegarse ao Santuario de Augasantas, o Reitorado de Valongo, a Igrexa de Loureiro, coñecer a Lenda da Florentina, a Igrexa románica de Santa María de Sacos e os elementos etnográficos e arqueolóxicos da ruta por San Xurxo de Sacos entre eles o BALNEARIO, até o límite co veciño municipio de Campo Lameiro, onde continúa a Vía Mariana.

EN RESUMO PRETÉNDESE promover a Vía Mariana como un destino espiritual e turístico propio do interior da provincia e que atesoura elementos arqueolóxicos, arquitectónicos, etnográficos e relixiosos que son un revulsivo desde o punto de vista turístico que hai que aproveitar e pór en valor.

A potenciación pretendida aspira a que este novo elemento permita ser ao municipio máis dinámico desde o punto da promoción turística e que ten no patrimonio histórico, natural e paisaxístico as súas principais bazas e elementos para competir e atraer visitantes para desenvolver o turismo verde, familiar e sustentable.

O proxecto ten dúas partes ben diferenciadas que conforman un único fin, é dicir, trátase do acondicionamento do local CASA REFUXIO, e mellorar a seguridade nas proximidades do balneario de San Xurxo mediante a instalación dunhas biondas de madeira, partindo do feito que ambas as actuacións forman parte do ámbito de paso da VÍA MARIANA.

O que se xustifica en virtude do disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público ordenando a súa publicación no Perfil de Contratante do Concello

Cerdedo-Cotobade

P3600048G





## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



(Asinado dixitalmente á marxe)

O Alcalde

Jorge Cubela López

P3600048G

